

**REUNIÓN DA COMISIÓN 7.<sup>a</sup>,  
AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN,  
GANDARÍA E MONTES**

Día: 16.02.2017      Hora: 16:00

A Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 16 de febreiro de 2017, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas orais en Comisión**

- 1.1 2746 (10/POC-000384)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis  
Sobre os danos producidos polos lobos  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017*
- 1.2 2922 (10/POC-000443)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
González Vázquez, José e 6 máis  
Sobre os programas da Consellería do Medio Rural para o tratamento de inoculación de cepas hipovirulentas para facer fronte ao cancro do castiñeiro  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 44, do 13.01.2017*
- 1.3 3468 (10/POC-000568)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David  
Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da realización dunha análise para a introdución de cambios no actual proceso de contratación do servizo integral de helicópteros e brigadas para a prevención e defensa contra os incendios forestais e na prevención, vixilancia e coordinación de medios aéreos de defensa contra eles durante os anos 2017 e 2018  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 52, do 25.01.2017*
- 1.4 3574 (10/POC-000581)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Quiroga Díaz, José Antonio e 4 máis  
Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para preservar a calidade das augas públicas das canles do medio rural fronte ás verteduras das industrias de transformación do sector primario, a realización dalgún seguimento ao respecto, así como o ofrecemento dalgún tipo de axuda técnica ou asesoramento para mellorar as súas condicións e a existencia dalgunha liña de axudas para adaptar os sistemas de depuración  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 52, do 25.01.2017*

- 1.5 3583 (10/POC-000583)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Blanco Paradelo, Moisés e 5 máis  
Sobre a produción de viño rexistrada en Galicia no ano 2016, o valor do comercializado na campaña 2015-2016 e a evolución das cifras de exportación nos últimos anos, así como as medidas postas en marcha pola Consellería do Medio Rural para mellorar a produción, a comercialización e a internacionalización do sector vitivinícola  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 52, do 25.01.2017*
- 1.6 3894 (10/POC-000668)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis  
Sobre as medidas previstas pola Consellería do Medio Rural para resolver as carencias e as deficiencias denunciadas polo alumnado do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Lourizán (Pontevedra)  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 59, do 03.02.2017*

**Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión**

- 2.1 2882 (10/PNC-000288)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis  
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en relación coa convocatoria de axudas para a limpeza de bosques de coníferas e de caducifolias  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 43, do 12.01.2017*
- 2.2 3570 (10/PNC-000344)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Quiroga Díaz, José Antonio e 4 máis  
Sobre a elaboración polo Goberno galego dun mapa de verteduras das industrias de transformación do sector primario nas canles de auga do medio rural  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 52, do 25.01.2017*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 8 de febreiro de 2017



PARLAMENTO  
DE GALICIA

Moisés Blanco Paradelo  
Presidente da Comisión

# RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 7.<sup>a</sup>, AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN, GANDARÍA E MONTES

POR ORDE ALFABÉTICA

## Mesa

Presidente	
Moisés Blanco Paradelo	P
Vicepresidente	
Daniel Vega Pérez	P
Secretario	
José Manuel Pérez Seco	S

## Vogais

María Encarnación Amigo Díaz	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Luis Rivas Cruz	BNG
David Rodríguez Estévez	EM

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 16.02.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1. Preguntas orais en Comisión

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 16.02.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.1 2746(10/POC-000384)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre os danos producidos polos lobos

*Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/12/2016 16:54  
Nº Rexistro: 2746  
Data envío: 29/12/2016 16:54:17.825

### Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.**

As explotacións do concello de Vilasantar veñen recibindo de forma continuada os ataques do lobo. En menos dunha semana na Parroquia de Présaras producíronse tres ataques en dúas granxas cun un total de 16 animais mortos e varios feridos. Estes ataques estanse producindo preto das casas e incluso cando unha das explotacións contaba coa protección de dous mastíns.

No mes de agosto mata 15 ovellas e 5 anos, estes de entre cinco a seis meses de idade. O día seis deste decembro son 4 anos e 6 ovellas. Na noite do dez para o once matou 2 cabras, 1 año de dous meses e feriu o castrón. Neste caso trátase dunha explotación en extensivo de ovino-caprino, con animais de raza e calidade. Non é unha explotación residual ás que nos condenaron as políticas do PP tras o abandono case forzado das explotacións leiteiras de carácter familiar. E suman, neste caso, nos últimos catro anos, 143 cabezas mortas na mesma explotación que, ben deita, ten seguro propio e xa ven, van tirando.

Se o caso fose sinxelamente a persecución dunha manda de lobos a unha explotación aillada, o problema non sería tanto. O caso é que estes ataques estanse dando tamén en toda a comarca, (en Mesía os ataques foron a vacas), e noutras zonas do territorio de Galicia.





OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/12/2016 16:54**  
**Nº Rexistro: 2746**  
Data envío: 29/12/2016 16:54:17.825

O axente do Seprona asiste ós feitos, dá fe de que é lobo e... máis nada. A Administración ten abandonado o sector que está á súa sorte.

Esta manda actúa sen importarlle a presenza da xente e come de forma permanente gando xa que temos constancia dos animais identificados pero loxicamente falta por contabilizar os animais non rexistrados.

A situación de perigo que se esta a dar esixe unha actuación decidida por parte da Consellería de Medio Ambiente.

Ó mesmo tempo é necesario que a administración se faga cargo do pago das indemnizacións ós gandeiros afectados nun prazo curto de tempo e de forma que cubra a totalidade dos danos. Non é de recibo que neste ano se estean pagando indemnizacións do ano 2014.

A Xunta de Galicia non esta a poñer as medidas necesarias para paliar os danos, está diminuíndo as axudas para que os gandeiros tomen medidas preventivas, menos cartos para os cans, menos cartos para os peches,..

Só se contabilizan as cabezas de gando mortas, as que quedan danadas se non morren e os abortos, que en certas épocas son especialmente graves para a economía da explotación, non se contabilizan.

Dito isto, hai unha pregunta que nos formulamos que é se ten o Goberno galego en conta os animais sacrificados que "en certa medida" pertencen a esa gandeiría clandestina de autoconsumo que vostedes provocan co seu abandono da sociedade rural, o seu envellecemento e as súas medidas de control que moita xente non comprende.

Desde o BNG non estamos en contra da pervivencia do lobo, o que non comprendemos é o desamparo a que o goberno do PP ten sometida a poboación das aldeas que saben que non hai compensación razoable para as perdas ocasionadas polo



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/12/2016 16:54**  
**Nº Rexistro: 2746**  
Data envío: 29/12/2016 16:54:17.825

lobo, porco bravo e outras especies que sendo un luxo lexítimo e necesario no concepto medioambiental que compartimos é tamén un luxo que socialmente debemos pagar ós perxudicados.

Por todo isto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta oral na Comisión 7ª:

-Cantos ataques comprobados polos axentes do Seprona se teñen contabilizados nos anos 2014–2015 e 2016?

-Cantas denuncias teñen contabilizadas?

-Cando se trata de animais de raza, como se valoran?

-Contan as cabezas, principalmente de ovino, que non están "oficializadas"?

-Cantos expedientes están pendentes de resolver, e polo tanto de efectuar os pagos, dos anos 2014-2015 e 2016?

Santiago de Compostela, 29 de decembro de 2016

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 29/12/2016 16:54**  
**Nº Rexistro: 2746**  
Data envío: 29/12/2016 16:54:17.825

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 29/12/2016 16:53:44**

**Ana Pontón Mondelo na data 29/12/2016 16:53:49**

**Olalla Rodil Fernández na data 29/12/2016 16:53:53**

**María Montserrat Prado Cores na data 29/12/2016 16:53:57**

**Noa Presas Bergantiños na data 29/12/2016 16:53:59**

**Xosé Luis Bará Torres na data 29/12/2016 16:54:04**

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 16.02.2017                      Hora: 16:00

Orde do día

1.2        2922(10/POC-000443)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre os programas da Consellería do Medio Rural para o  
tratamento de inoculación de cepas hipovirulentas para facer  
fronte ao cancro do castiñeiro

*Publicación da iniciativa, 44, 13.01.2017*

### **Á Mesa do Parlamento**

José González Vázquez, Raquel Arias Rodríguez, Moisés Blanco Paradelo, Carlos E. López Crespo, Silvestre Balseiros Ginarte, Carlos Gómez Salgado e Daniel Vega Pérez, deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan, ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión.

A Consellería do Medio Rural en colaboración coa Estación Fitopatolóxica do Areeiro, vén desenvolvendo diversas iniciativas dirixidas a proporcionar aos propietarios de montes afectados o tratamento de inoculación de cepas hipovirulentas para facer fronte ao cancro do castiñeiro.

A medida pretende constituírse como un sistema de loita biolóxica eficaz que mellore e conserve o patrimonio natural dos soutos galegos, públicos e privados, e permitan controlar e diminuír esta enfermidade.

En relación con este asunto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- 1.- Cantas solicitudes veñen de rexistrarse para o acceso a este tratamento de inoculación de cepas hipovirulentas para facer fronte ao cancro do castiñeiro nesta anualidade?
- 2.- Cal é o calendario previsto para a posta en marcha das medidas de loita biolóxica e protección dos soutos galegos, públicos e privados?
- 3.- Que valoración fai o Goberno galego do desenvolvemento destes traballos?
- 4.- Que iniciativas se están a desenvolver no eido da investigación do cancro do castiñeiro?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**José González Vázquez na data 04/01/2017 09:51:56**



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/01/2017 09:53  
Nº Rexistro: 2922**  
Data envío: 04/01/2017 09:53:49.779

**Raquel Arias Rodríguez na data 04/01/2017 09:52:14**

**Moisés Blanco Paradelo na data 04/01/2017 09:52:20**

**Carlos Enrique López Crespo na data 04/01/2017 09:52:25**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 04/01/2017 09:52:37**

**Carlos Gómez Salgado na data 04/01/2017 09:52:42**

**Daniel Vega Pérez na data 04/01/2017 09:53:01**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

**Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes**

**Día: 16.02.2017                    Hora: 16:00**

**Orde do día**

1.3        3468(10/POC-000568)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Rodríguez Estévez, David

Sobre as previsións da Consellería do Medio Rural respecto da realización dunha análise para a introdución de cambios no actual proceso de contratación do servizo integral de helicópteros e brigadas para a prevención e defensa contra os incendios forestais e na prevención, vixilancia e coordinación de medios aéreos de defensa contra eles durante os anos 2017 e 2018

*Publicación da iniciativa, 52, 25.01.2017*

## A MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araújo e David Rodríguez Estévez**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 7.<sup>a</sup>**, referente á contratación do servizo integral de helicópteros e brigadas con destino á prevención e defensa contra os incendios forestais e á prevención, vixilancia e coordinación de medios aéreos de defensa contra incendios forestais durante os anos 2017 e 2018.

No DOG nº 7 do 11 de xaneiro, a Consellería de Medio Rural, publicou a resolución do 20 de decembro de 2016 pola que se anuncia a licitación, por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, dun servizo integral de helicópteros e brigadas con destino á prevención e defensa contra os incendios forestais e á prevención, vixilancia e coordinación de medios aéreos de defensa contra incendios forestais durante os anos 2017 e 2018, sendo o servizo de contratación da Consellería de Medio Rural a entidade adxudicataria.

Na descrición do contrato fala da contratación do servizo integral de helicópteros e brigadas con destino á prevención e defensa contra os incendios forestais e á prevención, vixilancia e coordinación de medios aéreos de defensa contra incendios forestais durante os anos 2017 e 2018, divididos por lotes:

- Lote 1: helicópteros de tipo lixeiro co persoal das brigadas helitransportadas correspondentes.
- Lote 2: helicóptero e técnicos coordinadores.

Tamén se contempla unha admisión de prórroga por dúas anualidades máis.





**O importe neto do mesmo ascende a 3.877.530,00 € e contéplase un valor estimado de 8.344.396,00 € incluídas posibles prórrogas e modificacións con fondos propios.**

A adxudicación de medios aéreos polas administracións públicas comezou hai tempo a ter certos problemas coa suposta relación administracións / empresas adxudicatarias ata tal punto que a propia audiencia nacional é quen decide iniciar unha profunda investigación sobre da adxudicación de medios aéreos por diverxas comunidades autónomas xa que este asunto afecta a unha considerable número de comunidades autónomas e incluso países, como Portugal, Francia, Italia, Chile e por suposto España.

Polo tanto este é un tema altamente preocupante xa que as empresas que investiga a audiencia nacional pactarían prezos entre elas para repartirse o pastel da adxudicación de medios aéreos do estado español, pero a nos o que nos preocupa a día de hoxe é Galiza, como moi ven sabe vostede a consellería ten metida unha demanda feita polo sindicato CIG no ano 2012 por prevaricación contra a anterior conselleira Rosa Quintana, contra o anterior secretario xeral técnico Francisco José Vidal Pardo e contra o anterior Director Xeral de montes Tomas Fernández Couto.

O curioso do asunto é que non so se contratan helicópteros senón que tamén se contratan brigadas a través da empresa Natutechnia subcontratada o mesmo tempo por Inaer.

Esta practica que, segundo a consellería acaeceu de forma excepcional pola proximidade da época de lumes naquel ano 2012, continua a día de hoxe pero estendéndose moito máis, quere dicir que os helicópteros son todos de Inaer e as brigadas helitransportadas son todas de Natutechnia, empresa que curiosamente fixo unha auditoría interna ó SPDCIF cunha pretensión clara de reducir o número de brigadas do servizo público, informe pagado pola propia administración,



tamén curioso, e que a mesma empresa unha datas despois é contratada para levar brigadas helitransportadas do sector privado.

Unha análise profunda do informe do Tribunal de Contas detectou xa en anos anteriores que as consellerías de Medio Ambiente e Medio Rural cambiaron e improvisaron criterios de puntuación das ofertas presentadas a varios concursos cando xa se estaba producindo esa valoración.

É curioso que nos helicópteros e avións contratados por medio rural naquelas datas se valorara elementos non incluídos nos pregos de condicións, en cambio datos tan importantes como a cantidade da auga, ano de fabricación e matriculación, horas pendentes ata próxima inspección, potencia e peso máximo de despegue e a capacidade dos helibaldes non foron mellorados de forma importante, polo tanto valoráronse elementos que non estaban incluídos nos pregos de condicións, como por exemplo meses adicionais de prestación de servizo, horas adicionais de voo ou o coñecemento lingua española utilizáronse con elementos de mellora técnica vulnerando o artigo 86 del TLCAP, no informe técnico tamén se incluíu a oferta económica que corresponde a mesa de contratación.

Outra irregularidade do proceso correspondese coa inclusión da experiencia, inicialmente nos pregos de condicións técnicas incluíase que os pilotos debían contar cunha experiencia mínima de 500 horas, as empresas presentaron pilotos cunha experiencia e 300 horas polo tanto non cumprían as condicións técnicas. A adaptación dos pregos de condicións as circunstancias propias da empresa modificando o prego de condicións técnicas non se adecuou aos protocolos que fixa a axencia estatal de seguridade aérea en materia de navegación. Polo tanto este informe do tribunal de contas indica que nese período de contratación citado e curioso que a empresa Inaer Galicia SL fose a única empresa licitadora cunha oferta económica coincidente co presuposto de licitación aínda que a súa oferta



técnica obtivo unha valoración preocupantemente baixa de so 12,2 puntos de un total de 60.

A actual distribución dos medios aéreos e as condicións técnicas dos mesmos merece un profundo análise, estamos percibindo un cambio substancial na principal ou nunha das principais funcións dun helicóptero de extinción de incendios que é o lanzamento de auga sobre o lume forestal. Percíbese perfectamente que xa nas condicións técnicas da capacidade dos helibaldes redúcese a cantidade de auga en 200 litros por aeronave, mais hai unha tendencia cada vez maior de contratar helicópteros lixeiros, tipo B3 que levan unha capacidade de auga de 900 litros. Estes helicópteros teñen unha vantaxe importante, que é que despegan moi rapidamente pero a tendencia constante desta consellería de reducir a carga dos helibaldes dos helicópteros non ten moito sentido debido á intensidade dos lumes que se producen na nosa terra, a eficacia extintora en lumes de alta intensidade que cada vez son mais frecuentes (lumes de cuarta e quinta rexeneración) con columnas convectivas de chamas de gran altura, que fai que a capacidade de extinción de descargas dos helibaldes cun volume de auga, ao noso parecer, escaso so produce un efecto de sufocación mais que de extinción. Como reseña quería remarcar que aínda que o número de lume redúcese de forma importante a superficie afectada por incendio é cada vez maior; por exemplo neste ano habendo pouco máis de 2000 incendios superáronse as 22.000 hectáreas cunha superficie media superior a 10 hectáreas por lume, polo tanto consideramos que o modelo deseñado pola consellería actualmente non é efectivo baseándose nos datos anterior mente citado, xa que nas peores épocas de 10.000 lumes ano a superficie queimada por lume era de de 2,6 hectáreas, para nos está claro que manter un sistema privado con empresas privadas de extinción con helicópteros con capacidades menores de descarga non supón un beneficio en canto a eficacia do sistema de extinción aérea.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 16/01/2017 17:17**  
**Nº Rexistro: 3468**  
Data envío: 16/01/2017 17:17:34.407



Polo todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentar de En Marea, presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª:

Vai a Consellería de Medio Rural analizar con profundidade un cambio de modelo e de aeronave e voltar a contratar directamente pola Xunta de Galiza ao persoal a través das listas do Decreto de listas de contratación de persoal temporal, tal como se facía antes con resultados moito mellores?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 16/01/2017 17:14:20**

**David Rodríguez Estévez na data 16/01/2017 17:14:29**

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 16.02.2017                      Hora: 16:00

Orde do día

1.4        3574(10/POC-000581)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 4 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para preservar a calidade das augas públicas das canles do medio rural fronte ás verteduras das industrias de transformación do sector primario, a realización dalgún seguimento ao respecto, así como o ofrecemento dalgún tipo de axuda técnica ou asesoramento para mellorar as súas condicións e a existencia dalgunha liña de axudas para adaptar os sistemas de depuración

*Publicación da iniciativa, 52, 25.01.2017*



Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López, Patricia Vilán Lorenzo e José Manuel Pérez Seco, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7ª.

Sen entrar no debate sobre o cambio climático hai unha evidencia constatada polos datos pluviométricos e térmicos (e outros moitos indicadores) que nas últimas décadas apuntan a un cambio no comportamento climático. Isto vén a substanciarse nunha realidade onde “hai” menos auga, feito comprobable na desaparición e diminución de caudais e mananciais.

As canles de auga do noso rural etiquetadas como mananciais, regos, regatos e ríos teñen unha grande importancia que polas variables climáticas antes referidas, son a día de hoxe puntos estratéxicos que ano a ano vén incrementando o valor non só desde o punto de vista medioambiental, ecolóxico e paisaxístico; ademais de ser elementos claves para o desenvolvemento da actividade humana e non só da económica (auga para o rego de cultivos, limpeza de instalacións, subministro imprescindible de certas actividades transformadoras ...) senón, mesmamente para o abastecemento de auga potable para vivendas.

Mananciais, regos, regatos e ríos, viñeron experimentando un deterioro na calidade e pureza das súas augas, case en paralelo á diminución dos seus caudais. Primeiro foron verteduras illadas e circunstanciais que nos anos 80 acabaron por xeneralizarse coa proliferación da gandaría intensiva a utilización de tratamentos químicos nos cultivos e a falla de saneamentos adecuados de lugares, pobos e vilas.

Por outra banda, o éxodo do rural e o conseguinte avellentamento da poboación, non só está sustentado nun drástico cambio do modelo demográfico, cultural e produtivo. A falta de postos de traballo e de oportunidades no eido rural é o elemento que acaba por facer desistir a moitos mozos para que non fixen a súa residencia en parroquias, vilas e comarcas do rural galego.



## Grupo Parlamentario

As actividades de transformación de materias primas do eido rural (agricultura, gandeiría e silvicultura ...) en produtos manufacturados substanciadas en pequenas e medianas “industrias” deberían ter un valor estratéxico e todo o apoio das administracións e do tecido social.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O debate de desenvolvemento e medioambiente debe solucionarse a favor dunha convivencia e complementariedade entre a actividade transformadora xurdida do rural e o medio.

Temos un bo exemplo da problemática na actualidade, neste último mes vense suscitando polémica acompañada de alarma social en Chantada, pola petición dunha industria transformadora de materia prima do rural (concello de Taboada), que presenta unha solicitude de obras na Confederación Hidrográfica Miño-Sil para verter os residuos da súa actividade no río Enviande (concello de Chantada), a 2,4 km de distancia, cando a 1,5 m xa dispón de canles (río Moreda) para verter desde a súa EDAR e mesmo ao pé da factoría como fan agora.

Somos conscientes de que toda actividade transformadora xera residuos pouco beneficiosos para o medio ambiente e a calidade do aire e das augas, por iso, entre outros medios, está a obrigatoriedade de dispor de estacións de depuración de residuos. Se estes medios funcionan adecuadamente non entendemos como se solicita unha autorización para realizar unha vertedura a 2,4 km, se xa se ten unha pequena canle ao carón (onde verten na actualidade); a non ser que haxa intención de levalo a unha canle con maior caudal onde se note menos o impacto das verteduras.

Dado que cómpre amparar e potenciar a actividade transformadora derivada do sector primario, dada a necesidade vital de amparar a calidade das augas e facer compatibles a actividade co medio e como este problema non só se circunscribe ao río Enviando e á problemática de Chantada-Taboada e a esta actividade, senón que o mesmo problema atopalo no río Saviñao (cunha situación de deterioro importante na saúde e vida das augas), ou no río Cabe con outras empresas de transformación láctea, nos ríos que baixan do Courel coa extracción de lousa; ... situacións extrapolables ás catro provincias galegas, a moitas canles de auga e a moitas actividades ligadas ao sector primario.



**Grupo Parlamentario**

Entendemos que o Goberno galego é garante de calidade das augas públicas e por outra banda, debe ser impulsor da actividade no sector primario, facendo compatible desenvolvemento e medio, despois de proclamar que esta é a lexislatura do rural.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Ante esta situación os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que está a facer o Goberno galego para coidar pola calidade das augas públicas de mananciais, regatos, regos e ríos fronte a este tipo de verteduras?

2ª) Lévese a cabo algún seguimento das verteduras destas empresas e do estado dos ríos afectados?

3ª) Ofrécese algún tipo de axuda técnica e ou asesoramento para mellorar as condicións das verteduras?

4ª) Hai algunha liña de axuda económica para mellorar e adaptar os sistemas de depuración de residuos ou vertidos, no seu caso, en que consisten?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 17/01/2017 16:24:46**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 17/01/2017 16:24:57**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 17/01/2017 16:25:08**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 17/01/2017 16:25:21**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/01/2017 16:25:29**



Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 16.02.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.5 3583(10/POC-000583)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 5 máis

Sobre a produción de viño rexistrada en Galicia no ano 2016, o valor do comercializado na campaña 2015-2016 e a evolución das cifras de exportación nos últimos anos, así como as medidas postas en marcha pola Consellería do Medio Rural para mellorar a produción, a comercialización e a internacionalización do sector vitivinícola

*Publicación da iniciativa, 52, 25.01.2017*

### **A Mesa do Parlamento**

**Moisés Blanco Paradelo, Raquel Arias Rodríguez, José González Vázquez, Carlos Gómez Salgado, Carlos E. López Crespo e Daniel Vega Pérez**, deputados e deputada do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión**.

Nos últimos anos, o sector vitivinícola galego, ten experimentado unha evolución altamente positiva, e non sendo alleo ao contexto económico no que vivimos, a pesar das dificultades, os datos en canto a produción, comercialización e exportación de viño seguen a ser positivos.

E isto débese principalmente ao gran traballo que teñen feito os viticultores, produtores, adegueiros e os Consellos Reguladores das cinco Denominacións de Orixe (Monterrei, Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro e Valdeorras) que teñen unha relevancia económica e social moi importante nas comarca nas que se estenden.

Un traballo que foi refrendado e fortalecido pola Consellería do Medio Rural, a través da convocatoria de diferentes liñas de axuda en varios eidos, así como en accións promocionais mediante diferentes fórmulas, a presenza en feiras e certames comerciais con stands institucionais, ou a organización de eventos como as Catas-concurso dos viños de Galicia, que se teñen convertido nun auténtico referente no panorama vinícola galego e español.

Tendo en conta a importancia do sector vitivinícola para a economía galega, que implica a máis de 17.000 viticultores e preto de 450 adegas, os deputados asinantes presentamos as seguintes preguntas:

1. Cal foi o produción de viño galego no ano 2016?
2. Cal é valor do viño comercializado na campaña 2015-2016?



GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/01/2017 17:06  
Nº Rexistro: 3583  
Data envío: 17/01/2017 17:06:07.317

3. Cal é a evolución das cifras de exportación nos últimos anos?
4. Cales foron as medidas postas en marcha pola Consellería do Medio Rural para mellorar a produción, a comercialización e internacionalización do sector vitivinícola?

Santiago de Compostela, 17 de xaneiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Moisés Blanco Paradelo na data 17/01/2017 17:01:44**

**Raquel Arias Rodríguez na data 17/01/2017 17:01:52**

**José González Vázquez na data 17/01/2017 17:02:00**

**Carlos Gómez Salgado na data 17/01/2017 17:02:12**

**Carlos Enrique López Crespo na data 17/01/2017 17:02:20**

**Daniel Vega Pérez na data 17/01/2017 17:02:35**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 16.02.2017 Hora: 16:00

Orde do día

1.6 3894(10/POC-000668)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Consellería do Medio Rural  
para resolver as carencias e as deficiencias denunciadas polo  
alumnado do Centro de Formación e Experimentación  
Agroforestal de Lourizán (Pontevedra)

*Publicación da iniciativa, 59, 03.02.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araujo, David Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García** deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para o seu debate na **Comisión 7ª**.

Os centros de formación agroforestal dependentes da Consellería de Medio Rural teñen unha misión moi importante: favorecer a profesionalización e a incorporación de mozas e mozos ao sector primario e a aprendizaxe permanente dos profesionais do sector. Estes factores resultan claves para restablecer o equilibrio territorial do País, axudar a fixar poboación no rural e mellorar as súas perspectivas de futuro.

Os Centros de Formación e Experimentación Agroforestal de Guísamo, Becerreá, Sergude, Ribadeo, Monforte e Lourizán, dependentes da Subdirección Xeral de Formación e Transferencia Tecnolóxica da Consellería do Medio Rural veñen ofertando cursos de ensinanza regrada, nomeadamente ciclos formativos de grao medio e superior.

É por iso que, para respostar a estas necesidades, deberían ofrecer unha oferta formativa de calidade que se imparta cos medios materiais e humanos adecuados.

Sen embargo, nos últimos tempos téñense detectado serias deficiencias que poñen en risco a consecución de ditos obxectivos.



A política de recortes levada a cabo polo Goberno galego ten significado menos profesorado, menos recursos económicos para estes CFEA, menos medios materiais e, polo tanto, menos oportunidades de formación nestes centros públicos, o cal favorece aos centros privados.

Nese sentido, o alumnado do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Lourizán tense manifestado recentemente denunciando a precariedade da súa situación, tanto en recursos materiais coma humanos. Carecen de vehículos para poder realizar as prácticas no exterior, xa que os coches do propio centro non pasaron sequera a ITV, tendo que utilizar os seus vehículos particulares. Ademais, carecen de persoal suficiente, xa que por unha banda, a Consellería non está a substituír ao profesorado que se atopa de baixa e, pola outra, ante a falta de persoal administrativo, son os propios profesores os que se teñen que encargar destas tarefas. Este centro dispón, ademais, dunha residencia, onde dormen algúns alumnos e alumnas de luns a venres, na que tamén hai problemas de falta de limpeza e coa calefacción. Tamén expoñen que o material informático atópase descatalogado e desfasado.

Esta situación non é nova, posto que en abril de 2016, o Comité de persoal do centro denunciaba que non se cubrían baixas de profesorado, monitores ou persoal de cociña e internado, atrasos nos pagos a provedores e a falta de renovación dos equipos informáticos.

Estes recortes, que se agravaron nos últimos dous meses, están repercutindo na calidade do ensino, polo que pensamos que dende a Consellería de Educación deberíanse tomar medidas para revertir esta situación de precariedade e dotar ao



CFEA de Lourizán dos medios suficientes para poder desenvolver correctamente a súa función formativa.

O estudantado xa trasladou o seu malestar á Consellería de Medio Rural a través dunha carta que, segundo manifestan, non foi contestada aínda.

Estas son as razóns polas que formulamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 7.ª:

1º) Coñece a Consellería de Medio Rural a problemática que esta a denunciar o alumnado do Centro de Formación e Experimentación Agroforestal de Lourizán?

2º) Existen problemáticas similares noutros CFEA do país?

3º) Que medidas vai tomar a Consellería de Medio Rural para resolver as deficiencias denunciadas?

4º) Van propor algún tipo de reunión coa dirección e o alumnado do centro de Lourizán para estudar esta problemática?

Santiago de Compostela, 23 de xaneiro de 2017.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 23/01/2017 10:58**  
**Nº Registro: 3894**  
Data envío: 23/01/2017 10:58:44.153

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 23/01/2017 10:54:03**

**David Rodríguez Estévez na data 23/01/2017 10:54:56**

**Antón Sánchez García na data 23/01/2017 10:55:08**



Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandería e  
Montes

Día: 16.02.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 16.02.2017 Hora: 16:00

Orde do día

2.1 2882(10/PNC-000288)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia en  
relación coa convocatoria de axudas para a limpeza de bosques  
de coníferas e de caducifolias

*Publicación da iniciativa, 43, 12.01.2017*



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 03/01/2017 13:33  
Nº Rexistro: 2882  
Data envío: 03/01/2017 13:33:58.076

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Xosé Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa ás anomalías observadas na última convocatoria de axudas para a limpeza de bosques de coníferas e de caducifolias.

O día 12 do pasado mes de setembro, xa en plena campaña electoral, a Consellaría de Medio Rural publicou no DOG o anuncio polo que se resolven as axudas convocadas para a limpeza de bosques de coníferas e de caducifolias.

Estas axudas, destinadas tanto a particulares como a comunidades de montes, empresas e outras persoas xurídicas, teñen como finalidade realizar traballos de rozas, rareos e podas das árbores para contribuír á mellora da masa forestal e evitar os incendios.

Inicialmente, a convocatoria destas axudas fora publicada no DOG do día 30 de decembro de 2015 con tal número de incongruencias que resultaba imposible poder entender o seu contido e mesmo cumprimentar os formularios que se achegaban por non se axustaren ás bases do seu articulado.

Un mes despois, no DOG do día 29 de xaneiro de 2016 publícase unha denominada corrección de erros que vén sendo en realidade unha nova Orde, de contido diferente á que se publicara o día 30 de decembro anterior, cando xa estaba a piques de



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/01/2017 13:33**  
**Nº Rexistro: 2882**  
Data envío: 03/01/2017 13:33:58.076

rematar o prazo que se fixara. Agora prorrogábase este un mes máis, isto é, até o día 1 de marzo de 2016.

Indícase que o prazo máximo para resolver e notificar a resolución será de cinco meses contados a partir do día seguinte ó da publicación da orde de convocatoria no DOG.

Por tanto o día 30 de xuño tiñan que estar concedidas e notificadas as resolucións. Sucedeu isto con dous meses e medio de demora, o día 12 de setembro de 2016, xustamente cando estaba rematando o verán e cando chegaron as primeiras chuvias e se extinguiron os incendios.

Con estas demoras na resolución a Administración incumpre cos compromisos que ela mesma fixa, deixando transcorrer un tempo que debiera ser empregado en realizar os traballos de limpeza dos montes antes de que nos meses do verán fosen pasto dos lumes, quedando o período de realización destes traballos ós meses de outubro, novembro e algúns días de decembro pois as xustificacións dos gastos para que computen nesta anualidade do 2.016 teñen de facturarse antes do remate deste exercicio económico.

O crédito co que se conta para este cometido na correspondente partida orzamentaria ascende a 15 millóns de euros. Pois ben, analizadas as concesións destas axudas unha por unha tal e como figuran no anuncio publicado no DOG, resulta que o 20 por cento deste importe ficou sen adxudicar.

A esta convocatoria presentáronse exactamente 1.029 solicitudes, das cales máis da metade foron denegadas

En moitos casos, os motivos da desestimación son de tipo formal como “solicitud mal cuberta, faltan datos de superficie, datos incorrectos na referencia do



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/01/2017 13:33  
**Nº Rexistro: 2882**  
Data envío: 03/01/2017 13:33:58.076

SIXPAC...” incumprindo o seu deber a Administración de concederlles aos concorrentes un prazo de dez días para subsanaren as solicitudes como se contempla no artigo 71 da Lei 30/1992, de procedemento administrativo.

Chama a atención tamén que o volume de axudas concedidas a cada provincia non garda relación coa cantidade de superficie arborada, así Ourense leva o 46,22% .O número de solicitudes denegadas para limpeza de bosques de Lugo é un 264 % superior ó das denegadas en Ourense. Será que os solicitantes ourensáns son máis expertos en cumprimentaren os impresos de solicitude que os da provincia de Lugo?

Por todo o exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

*“O Parlamento insta á Xunta de Galiza a a que nas próximas convocatorias de axudas para a limpeza de bosques de coníferas e de caducifolias subsane as anomalías observadas nesta última convocatoria.”*

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 03/01/2017 13:33**  
**Nº Rexistro: 2882**  
Data envío: 03/01/2017 13:33:58.076

**Noa Presas Bergantiños**

**Xosé Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 03/01/2017 13:13:55**

**María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2017 13:14:05**

**Ana Pontón Mondelo na data 03/01/2017 13:14:08**

**Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2017 13:14:12**

**Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2017 13:14:17**

**Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2017 13:14:23**

Reunión da Comisión 7.<sup>a</sup>, Agricultura, Alimentación, Gandaría e  
Montes

Día: 16.02.2017                      Hora: 16:00

Orde do día

2.2        3570(10/PNC-000344)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e 4 máis

Sobre a elaboración polo Goberno galego dun mapa de  
verteduras das industrias de transformación do sector  
primario nas canles de auga do medio rural

*Publicación da iniciativa, 52, 25.01.2017*



Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia por iniciativa dos seus deputados e das súas deputadas, José Antonio Quiroga Díaz, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Concepción Burgo López, Patricia Vilán Lorenzo e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 7ª.

Independentemente do debate sobre o cambio climático hai unha evidencia constatada polos datos de recollida de choiva e temperaturas nas últimas décadas que apuntan a un cambio no comportamento climático que vén a substanciarse nunha realidade onde “hai” menos auga, feito comprobable na desaparición e diminución de caudais e mananciais.

As canles de auga no noso rural etiquetados como mananciais, regos, regatos e ríos teñen unha gran importancia que polas variables climáticas antes referidas son xa a día de hoxe puntos estratéxicos que ano a ano vén incrementando o valor non só desde o punto de vista medioambiental, ecolóxico e paisaxístico, senón tamén como elementos claves para o desenvolvemento da actividade humana e non só da económica: auga para o rego de cultivos, limpeza de instalacións, subministro imprescindible de certas actividades transformadoras, senón mesmamente para o abastecemento de auga potable para lugares, pobos, vilas e cidades.

Mananciais, regos, regatos e ríos, viñeron experimentando un deterioro na calidade e pureza das súas augas case en paralelo á diminución dos caudais. Primeiro foron vertidos moi illados e circunstanciais que nos anos 80 acabaron por xeneralizarse coa proliferación da gandaría intensiva a utilización de tratamentos químicos aos cultivos e os vertidos de lugares, pobos e vilas.

Por outra banda, o éxodo do rural e o conseguinte envellecemento da poboación de lugares, pobos e vilas, de comarcas enteiras, non só está sustentado nun drástico cambio do modelo demográfico, cultural e produtivo.





## Grupo Parlamentario

A falta de postos de traballo e de oportunidades no eido rural é o elemento que acaba por facer desistir a moita xente nova para que non fixen a súa residencia en parroquias, vilas e comarcas do rural galego. As actividades de transformación de materias primas do eido rural (agricultura, gandería e silvicultura ...) en produtos manufacturados substanciadas en pequenas e medianas “industrias” teñen que ter un valor estratéxico e todo o apoio das administracións e do tecido social.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O debate de desenvolvemento e medioambiente debe solucionarse a favor dunha convivencia e complementariedade entre a actividade transformadora xurdida do rural e o medioambiente.

A realidade que se vive todos os días evidéncianos unha continua agresión ao medio natural en forma de vertidos aos mananciais, regos, regatos e ríos orixinados por actividades de transformación do sector primario que poñen en perigo non só a saúde das propias canles, senón tamén a pervivencia dos veciños e veciñas no eido rural.

Ante esta situación o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego para que cree o mapa de vertidos en canles no medio rural por parte de industrias de transformación do sector primario, diferenciando o tipo de vertidos, o seu impacto e perigosidade para o medio.

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2016

### Asinado dixitalmente por:

**José Antonio Quiroga Díaz na data 17/01/2017 16:35:53**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 17/01/2017 16:36:06**

**Maria de la Concepción Burgo López na data 17/01/2017 16:36:20**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 17/01/2017 16:43  
**Nº Rexistro: 3570**  
Data envío: 17/01/2017 16:43:45.442



---

 [Grupo Parlamentario](#)

**Patricia Vilán Lorenzo na data 17/01/2017 16:36:31**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 17/01/2017 16:36:41**

---

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 17/01/2017 16:36:55**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---